

INFORMACIÓN EN NORMAS 2022



COMPOSTELA ILLUSTRADA

Poderá inscribirse no 5 Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada

calquera persoa maior de idade, independentemente do seu nivel no campo do debuxo.

O Encontro desenvolverase entre o mediodía do xoves día 3 e o mediodía do domingo día 6 de novembro. O prezo da matrícula ascende a 150 €, os cales inclúen:

- Documentación e bolsa oficial do Encontro con materiais promocionais dos patrocinadores.
- Inscripción no Premio Compostela Ilustrada, dotado con 300 €.
- Inscripción en dous *workshops*: un o venres e outro o sábado.
- Asistencia á Cea Concerto (sábado noite).
- Participación no sorteo de lotes das marcas patrocinadoras.
- Asistencia ás inauguracións das exposicións, presentacións de libros e conferencias.

Máis información en:
www.compostelailustrada.com

Formulario de inscrición

A inscrición realizarase exclusivamente a través da páxina web:

www.compostelailustrada.com

Ao premer no apartado *Matrícula*, abrirase unha páxina na que cada participante deberá cubrir os seus datos e elixir os *workshops* aos que desexe asistir.

Sistema de pagamento

Por razóns de seguridade e sinxeleza, o pagamento realízase a través de Paypal. Non é preciso ter conta nesta plataforma, xa que se admite calquera tarxeta de crédito. A persoa inscrita recibirá por correo electrónico a factura oficial da compra, que tamén é o xustificante de matrícula (o número de factura será o número de acreditación).

Devolución do importe da matrícula

No caso de que, por causas de forza maior, algunha persoa participante solicite a devolución do importe da matrícula, este devolverase a través da mesma plataforma utilizada para o pagamento. Por cuestións de organización non se devolverá a matrícula a partir do 15 de setembro, aínda que si se permite cambiar o nome da praza solicitándoo no correo electrónico info@compostelailustrada.com e previa aprobación da organización.

Recollida de acreditacións e materiais

As persoas participantes poderán recoller a súa acreditación –que se corresponderá co número de factura da matrícula– e a bolsa oficial cos materiais promocionais na secretaría da organización, que estará situada no vestíbulo do Auditorio de Galicia (diante da Sala Mozart), o xoves 3 de novembro a partir das 15.30 horas. No caso de que a recollida non se produza nesta data, entregaranse nos *workshops* elixidos.

Material que se proporciona

- Acreditación impresa con funda e fita para colgar co número de participante.
- Bolsa oficial de tea.
- Materiais promocionais dos patrocinadores.
- Documentación Premio Compostela Ilustrada.
- Tícket para a Cea Concerto do sábado.

Desprazamentos, aloxamento e comidas

Os gastos de desprazamento, aloxamento e comidas en Santiago serán por conta da persoa participante. Para calquera información orientadora está dispoñible o correo electrónico: info@compostelailustrada.com

Workshops

Cada participante deberá estar no lugar indicado de celebración do seu *workshop* cinco minutos antes da hora, tanto o venres coma o sábado. Todos eles desenvolveranse en espazos interiores, con posibilidade de saír a debuxar ao aire libre se as condicións meteorolóxicas o permiten.

Non se permite o cambio de *workshops*. Cada profesor/a disporá dunha listaxe de alumnos/as que se respectará en todo momento.

Cea Concerto

O prezo da matrícula inclúe a asistencia á cea do sábado, que terá lugar no Comedor Monumental da Hospedaría San Martiño Pinario; o concerto correrá a cargo da cantautora galega Su Garrido. No transcurso da cea realizaranse os sorteos dos materiais cedidos polos patrocinadores e desvelarase a persoa gañadora do Premio Compostela Ilustrada.

Premio Compostela Ilustrada

Todas as persoas asistentes ao Encontro están por defecto apuntadas ao Premio. As que desexen participar só terán que presentar a súa obra o día sinalado, tal como se explica nas Bases.

PREMIO DE CADERNOS DE VIAXE COMPOSTELA ILUSTRADA

BASES DO CONCURSO 2022



COMPOSTELA ILUSTRADA

1 Obxecto do concurso

Buscamos a esencia da cidade reflectida nunha imaxe do que pasa de pronto ante os nosos ollos, e que, precisamente por estar alí, o/a debuxante pode plasmar no seu caderno. Un detalle, unha idea, unha grande ilustración ou un bosquejo, o obxectivo é que unha única imaxe capte a temática que se propón neste concurso.

2 Requisitos

Poderá participar calquera persoa maior de idade inscrita no 5 Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada, que non resultase premiada nas edicións anteriores. Cada participante terá que presentar a concurso unha única ilustración, inédita e non publicada anteriormente en redes sociais, que se axuste á temática que a organización escolla. As ilustracións realizaranse en papel, e poderán ser a cor ou en branco e negro, e con técnica libre. Todas as ilustracións serán revisadas e validadas pola organización, que se reserva o dereito a non admitir as que non cumpran, segundo o seu criterio, os requisitos técnicos, artísticos e/ou legais esixidos polo certame.

3 Inscripción e participación

Todas as persoas inscritas no Encontro están por defecto apuntadas ao Premio, as que queiran participar so terán que presentar a súa obra o sábado 5 entre as 15:30 e as 16:00 horas, no vestíbulo do Auditorio de Galicia (diante da Sala Mozart), nun sobre co número de participante apuntado no exterior.

4 Ditame do xurado

O ditame do xurado farase público o sábado 5 de novembro na Cena oficial.

5 Dereitos sobre as ilustracións a concurso

A persoa participante manifesta e garante que é o único autor/a da ilustración que presenta e titular de todos os dereitos sobre ela. Tamén será responsable legal de calquera problema que puidese xurdir por incumprimento da lei con respecto aos dereitos de autor/a.

Co fin de poder levar a cabo cantas accións de promoción e difusión do concurso considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederán con carácter gratuíto os dereitos de reprodución e comunicación pública dos traballos presentados a concurso.

6 Xurado

O xurado estará formado por persoas de contrastada experiencia no mundo da ilustración. A súa decisión será inapelable, mesmo no caso de que o premio se declare deserto.

7 Premios

Outorgarase un único premio, que consistirá nunha dotación económica de 300 € achegados polo patrocinador, El Patito Editorial. En conformidade coa vixente lei española, o premio obxecto deste concurso estará suxeito á retención do IRPF, que será asumida pola persoa gañadora. O pagamento realizarase contra factura ou documento fiscalmente recoñecido, que emitirá a persoa gañadora.

A ilustración premiada será propiedade e de uso exclusivo de exhibición de El Patito Editorial e pasará a formar parte da súa colección.

8 Recollida de obras non premiadas

O sábado 5 de novembro, na Cea Oficial, devolveranse as obras non premiadas.

A organización non devolverá os traballos doutro xeito que non sexa persoalmente; non se fará ningún tipo de envío en datas posteriores. Tampouco se fará responsable das obras que queden sen recoller.

9 Protección de datos de carácter persoal

De acordo coa Lei Orgánica 15/99, informamos de que todos os datos recollidos polo concurso Premio de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada 2022 serán utilizados, exclusivamente, co fin de xestionar correctamente a participación e cumprir co establecido nas presentes bases. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición levarase a cabo conforme a normativa vixente.

10 Aceptación das bases

As persoas participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan todas e cada unha das súas bases.

PATROCINADO POR **elpatitoeditorial** 